Subtotal achega municipal 2017		0

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2018" aplicado á redución da débeda
BBVA	95.55014584	35.350,27
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		35.350,27

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017	0	0	0
	Achega 2018	0	0	0
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	45.165,75		45.165,75

C- INVESTIMENTOS	Achega 2018	228.619,06	25.818,41	254.437,47
	Achega 2017	268.619,06	28.728,92	297.347,98
	Préstamo 2018	207.440,03	33.898,96	241.338,99
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018	0	0	0
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018	0	0	0
	Achega 2017	0		0
F- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018	35.350,27	0	35.350,27
TOTAL	Achega 2018	273.784,81	25.818,41	299.603,22
	Achega 2017	268.619,06	28.728,92	297.347,98
	Préstamo 2018	242.790,30	33.898,96	276.689,26
	TOTAL	785.194,17	88446,29	873.640,46

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas coas emendas requiridas por deputación :

Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
RESTAURACIÓN DE PAVIMENTO DE ALAMEDA DE RIANXO	1532	88.586,97
INSTALACIÓN DUN ASCENSOR NA CASA DO MAR	933	59.570,87
MELLORA DE CADROS DE ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR NO CONCELLO DE RIANXO	165	50.985,07
TOTAL		199.142,91

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias. Con respecto ao requirimento do proxecto do INSTALACIÓN DUN ASCENSOR NA CASA DO MAR tense previsto asinar un convenio co ISM por un prazo de 10 anos nos vindeiros meses .

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma

total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

SEGUNDO:

Comunicar esta resolución á Deputación Provincial, á intervención municipal e ratificar esta Resolución no próximo Pleno da corporación.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR e RATIFICAR a proposta nos termos desta.

5 INCOACIÓN EXPEDIENTE DE MERCA DO INMOBLE DO PAZO DE RIANXIÑO

O Concello de Rianxo está interesado en adquirir un inmoble no que localizar un o centro de día do Concello, como primeiro elemento dun equipamento ampliable con servizos para a terceira idade como comedor comunitario ou mini-residencia.

No exercicio das competencias municipais previstas en materia de prestación de servizos sociais e de dotación de instalacións culturais e de ocupación de tempo libre tanto no artigo 25.2.k. e m da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, como no artigo 80.2.k, n, e o da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.

A finca e edificación en cuestión que se pretende mercar, é de gran interese para este concello xa que se precisa para poder instalar alí o demandado centro de día, entre outros futuros usos sociais e culturais. Así se constatou en Xunta de Portavoces onde se sinalou como a máis axeitada das instalacións dispoñíbeis en Rianxo. Dada a amplitude dalgunha das súas salas como o comedor de tipo industrial podería barallarse impulsar un comedor comunitario e de ser posíbel tamén o uso como residencia para a terceira idade o contar con 1500 metros cadrados construídos.

O chamado Pazo de Viturro foi edificado polo “mestre de arquitectura” Antonio Barros, no século XVIII. Foi herdado por Manuel Viturro Rivela, de Isorna; e logo pasou ao seu fillo, Manuel Viturro Posse (Noia, 1860). Actualmente o pazo pertence a unha Orde Relixiosa; e na súa finca atópase un grandioso hórreo integramente labrado en granito. Conta cun ampla finca como se acredita nos planos, con especies arbóreas e arbustivas importantes, con zona deportiva e mesmo unha piscina descuberta.

Manuel Viturro foi un personaxe de carácter impetuoso e caciquil, demostrado durante a súa etapa turbulenta de alcalde en Noia. A partir de 1904, ocupou a secretaría da Deputación da Coruña, destino no que puido satisfacer os seus intereses persoais. Foi considerado como home forte da política coruñesa. Prototipo do cacique ao que toda a vila debía pleitesía e enfrontado entre outros, á familia Castelao e a Arcos Moldes semella tamén un chisco de xustiza histórica que este lugar veña a servir á sociedade rianxeira e,

en especial, a colectivos de maiores.

Pola relevancia para a sociedade rianxeira que vería colmada unha das súas principais reivindicacións dos últimos anos, a existencia dunha instalación en uso actual como albergue de grupos implica que a transición deste equipamento a centro de día sexa relativamente doada. A non moi lonxana restauración, o coidado do uso a data de hoxe implica que as obras a executar sexan menores. O concello tería igualmente que asumir altos custos económicos noutros espazos, ben en terreos propios ou optando por restaurar un edificio que a data de hoxe só está cedido en precario. Por citar só un dato un proxecto para poñer en valor a Casa do Marestá orzamentado en 1.083.799,47 euros. Ningunha das propostas conta cunha finca que mellore a coma esta a calidade asistencial dos usuarios e veciñanza. Céntrica tamén no que é a trama urbana, ben comunicada cos eixes de tráfico do conxunto do Concello, xunta non poucos requisitos que a converten nunha oportunidade.

Entre as Resolucións aprobadas pola X Asemblea Xeral da FEMP, celebrada en setembro de 2011, encóntrase a de promover a preservación e conservación do Patrimonio Histórico e Cultural, ... contribuíndo así á diversidade cultural, á mellora da calidade de vida... , indispensábeis para posibilitar unhas condicións de vida adecuadas para os cidadáns... unha rica herdanza histórica perante a que as Entidades Locais temos una irrenunciable responsabilidade.

Diante deste chamamento á preservar o patrimonio que mellor que garantir co carácter público que pasarían ter estes espazos tan fondamente ligados á nosa historia local.

O terreo obxecto da información, está dentro do ámbito do Plan Parcial S.A.U. 3 Pazo de Rianxiño, que foi aprobado definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña en sesión do 13/01/1989 e a corrección das deficiencias sinaladas nese acordo na sesión do 06/04/1990.

Por acordo plenario de 2 de maio de 1995 aprobouse definitivamente o estudo de detalle Pazo de Rianxiño Z3, e o 4 de Agosto de 1995 aprobouse definitivamente o proxecto de urbanización do polígono 1 e o seu complementario. O polígono 1 abarca as parcelas denominadas Z-1, Z-2, Z-3, Z-8, Z-9, Z-10, Z-11, Z-12, Z-13.

Con data 14 de marzo de 1996 a comisión municipal de goberno acorda concede-la licenza de obras para a ampliación e rehabilitación do PAZO DE RIANXIÑO, expediente 164-165/94. Superficie da parcela: (10.226 m2segundo catastro) 9452,50m2 segundo Plan parcial e estudo de detalle.

Vistas as peculiaridades da necesidade a satisfacer, as potencialidades directas e futuras desta adquisición á vista do exposto, resulta unha ocasión única a aproveitar a urxencia en mercar o Pazo de Rianxiño para poder acreditar á a titularidade dos terreos e poder alí instalar o centro de día do Concello, como primeiro elemento dun equipamento amplíabel con servizos para a terceira idade como comedor comunitario ou mini-residencia.

Ditos espazos estímense idóneos polo seu emprazamento na Vila, á nivel desta e cunhas dimensións suficientemente amplas para o desenvolvemento das actividades que se pretenden. Asemade débese lembrar a vinculación anterior aos fins que se pretenden do Pazo de Rianxiño que é unha institución de forte arraigo entr17e os veciños e que deste

xeito disporían e continuarían, xa en mans municipais, disfrutando do seu uso.

Por todo o anterior, por parte desta Alcaldía considerase xustificado pola súa especial idoneidade, polas peculiaridades da necesidade a satisfacer e polas condicións do mercado inmobiliario, así como a urxencia, e de acordo co artigo 116.4 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, que se proceda a adquisición directa de dita finca para o que consideran necesario someter o pleno o inicio do expediente de adquisición da parcela.

Sendo competencia desta Alcaldía a adopción deste acordo e en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, mais téndose delegado na Xunta de Goberno Local por Resolución nº 912/2011, do 27 de xuño, modificada pola Resolución nº 1052/2011, segundo o apartado terceiro D.1. da súa parte dispositiva (“Adquisición de bens e dereitos, así como o alleamento do patrimonio, nos termos e dentro dos límites establecidos na normativa aplicable (disp. Adic. 9ª Lei 8/2007, e disp. Adic. 2ª Lei 30/2007”), propónse a este órgano a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

Iniciar expediente para a adquisición do inmovible do Pazo de Rianxiño, por adquisición directa, mediante compravenda

REFERENCIA CATASTRAL : 5825001NH1252N0001FX

SUPERFICIE DA PARCELA : 10226 m2 segundo catastro , 9.452,50 m2 segundo plan parcial e estudo de detalle

LOCALIZACIÓN	REHABILITACIÓN	AMPLIACIÓN	SUPERFICIE CONSTRUÍDA
PLANTA SOTO		66,92m2	66,92 m2
PLANTA BAIXA	251,39m2	500,31m2	751,70m2
PLANTA PRIMEIRA	245,11m2	436,27m2	681,38m2
TOTAL	496,50m2	1003,50m2	1500,00 m2

SEGUNDO

Que se realicen tódolos trámites legalmente establecidos para proceder a súa adquisición directa, sempre e cando sexa posible legalmente.

TERCEIRO 17

Facultar a Alcaldía a formalizar en escritura pública un dereito de opción de compravenda coas actuais titulares RELIGIOSAS FRANCISCANAS MISIONERAS DE LA MADRE DEL DIVINO PASTOR por un ano, exclusivo e preferente sobre a finca, no caso de que non se exercite o Concello aboara as actuais titulares a cantidade de 50.000,00 euros, (cincuenta e mil euros)

Incorpórese a tal efecto:

- Incorporar a Nota simple do Rexistro da Propiedade
- Certificado de existencia de crédito por importe de 1.600.000€
- Informe de Secretaria e Intervención ao respecto.
- Informe de técnico de idoneidade.

Sometida a VOTACIÓN a proposta da Alcaldía sobre este punto, o ditame da comisión informativa de urbanismo, área de rehabilitación e obras e servizos municipais do 02/04/2018 é FAVORABLE por 3 votos a favor dos concelleiros dos grupos do BNG, PSOE e Rianxo en Común e 1 abstención da concelleira do grupo do PP, dos 4 membros presentes dos 4 que legalmente constitúen a comisión.

O Presidente da comisión informativa propón que antes de de proceder á formalización se negocie e ampliación do prazo de 1 ano para formalizar a compra, que se pidan máis taxacións para ver de aproximar o desfase existente entre a proposta das propietarias e a taxación da arquitecta do concello e se contrasten os planos dos edificios cos técnicos do Consorcio.

Unha vez rematado o debate o pleno da corporación, **ACORDA** por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR a proposta co punto terceiro emendado e segundo decidido por todos os concelleiros no pleno queda aprobada nos seguintes termos:**

PRIMEIRO

Iniciar expediente para a adquisición do inmovible do Pazo de Rianxiño, por adquisición directa, mediante compravenda

REFERENCIA CATASTRAL : 5825001NH1252N0001FX

SUPERFICIE DA PARCELA : 10226 m2 segundo catastro , 9.452,50 m2 segundo plan parcial e estudo de detalle

LOCALIZACIÓN	REHABILITACIÓN	AMPLIACIÓN	SUPERFICIE CONSTRUÍDA
PLANTA SOTO		66,92m2	66,92 m2
PLANTA BAIXA	251,39m2	500,31m2	751,70m2
PLANTA PRIMEIRA	245,11m2	436,27m2	681,38m2
TOTAL	496,50m2	1003,50m2	1500,00 m2

SEGUNDO

Que se realicen tódolos trámites legalmente establecidos para proceder a súa adquisición directa, sempre e cando sexa posible legalmente.

TERCEIRO

Facultar a Alcaldía a NEGOCIAR coas actuais titulares RELIGIOSAS FRANCISCANAS MISIONERAS DE LA MADRE DEL DIVINO PASTOR, un dereito de opción de compraventa exclusivo e preferente sobre a finca, no caso de que non se exercite o Concello aboara as actuais titulares a cantidade de 50.000,00 euros (cincuenta mil euros). Debendo ser ratificado previamente o expediente antes da súa formalización por este pleno

Incorpórese a tal efecto:

- Incorporar a Nota simple do Rexistro da Propiedade
- Certificado de existencia de crédito por importe de 1.600.000€
- Informe de Secretaria e Intervención ao respecto.
- Informe de técnico de idoneidade.

6 MOCIÓN: SOLICITAR A REAL ACADEMIA GALEGA PARA QUE SE LLE DEDIQUE O DÍA DAS LETRAS LEGALAS DE 2019 A RICARDO CARVALHO CALERO

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 14 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Exposición de motivos

Vinteseite anos despois do pasamento de D. Ricardo Carvalho Calero, son moitas as entidades culturais, veciñais, asociacións e cidadáns que concordan en que non pode quedar máis tempo no esquecemento e nunha inxustificada marxinación a figura de Carvalho Calero, que é a día de hoxe, unha das ausencias máis clamorosas no eido das conmemoracións e homenaxes aos grandes referentes da cultura do país.

Don Ricardo Carvalho Calero, pai lingüístico de varias xeneracións, foi vítima dun interesado esquecemento por manter a súa dignidade persoal e por entender que o noso idioma forma parte do sistema lingüístico do galego-portugués, opinión diferente, pois, á oficial. Usando as súas palabras (1985), "certas elites entenden que non deben realzar a personalidade dun disidente ... Que nin como estudoso, nin como pensador sobre os problemas culturais da nosa terra atinxo a altura". Semella que, en palabras que López Foxo pon en boca de Alvaro Cunqueiro " ...na rúa Tabernas aínda no saben que Carballo forma parte da literatura galega dende 1991".

Non son poucos os logros que avalan a súa figura, pois foi o redactor do Anteproxecto de Estatuto de Galiza, fundador do Partido Galeguista, autor de A Gente da Barreira, primeiro romance escrito en galego despois da guerra, membro da RAG, primeiro director do Colexio Fingoi cun proxecto galeguista innovador, primeiro catedrático da USC de lingua e literatura galega, autor da gramática máis popular e dunha monumental historia da literatura galega, o maior polígrafo do S.XX, pai do reintegracionismo e un gran referente da nosa identidade.

Entendemos que é tempo de que os grandes méritos do profesor Carvatho Calero sexan recoñecidos pola academia na que ingresara o 17 de maio do 1958, non facelo ademais de

manter unha situación máis difícil de xustificar a cada ano que pasa, contribuirá tamén a deteriorar o prestixio da institución.

Por todo o exposto' que non é máis ca un breve resumo da prolífica traxectoria profesional e humana de R. Carvalho Calero, propoñemos ao pleno da corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar á Real Academia Galega para que se lle dedique a Ricardo Carvalho Calero o Día das Letras Galegas do ano 2019.
2. Remitir este acordo á citada institución

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

7 MOCIÓN: REDACCIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 14 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Exposición de motivos

Segundo prevé o artigo 25.1 da Declaración Universal de Dereitos Humanos, "*Toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios*". De conformidade igualmente coa lexislación vixente (Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia; Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia; Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia e Lei orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, entre outras), os Concellos teñen a potestade e a responsabilidade de establecer e regular o conxunto de dereitos e recursos municipais específicos para a cidadanía do municipio que se atope en situación de vulnerabilidade, risco ou exclusión social, como garantía dos dereitos lexítimos das persoas para que se poidan integrar con normalidade e participar na vida cidadá.

Malia que, como non podía ser doutra maneira, non dubídamos que ata o presente a Alcaldía ten sensibilidade abondo para atender adecuadamente cantas demandas lexítimas de axuda solicitan os cidadáns en situación de risco, entendemos que é igualmente relevante a percepción que estas persoas teñan sobre en relación con estas axudas, entendéndoas, antes como dereito que lles asiste que como dádiva graciosa que reciben.

Con este obxectivo consideramos urxente a aprobación da correspondente Ordenanza Municipal de Garanda Básica Cidadá, a través da cal se dea cobertura económica e social á falta temporal de ingresos, en especial por ausencia dun emprego estable e digno ou esgotamento da prestación por situación de desemprego, que permita cubrir os costes derivados da satisfacción das necesidades básicas de toda a cidadanía.

Sen prexulgar a pertinencia de establecer no futuro unha Prestación Municipal de Garantía Básica Cidadá -renda mensual para persoas en situación de risco que non dispoñan de ningunha outra prestación pública-, para cuxo fin se solicita a realización dun estudo de viabilidade por parte dos Servizos Sociais Municipais, trataríase nunha primeira fase de regular a concesión de Prestacións de Rescate social, é dicir un conxunto de axudas económicas de carácter extraordinario e puntual, coas contías máximas que en cada caso se establezan, destinadas a atender situacións de urxencia que afecten a persoas ou unidades de convivencia que non poidan facer fronte á súa cobertura:

- Prestacións para a cobertura de necesidades básicas (alimentación diaria, vestido, aloxamento e habitación, coidados básicos e necesidades básicas de carácter xeral).
- Prestacións para a habitabilidade e pobreza enerxética, e equipamento básico de vivenda (cobertura de débedas por subministración de luz ou gas, gastos asociados a altas de contratos de subministracións enerxéticas nunha nova vivenda; débedas coa comunidade de propietarios/as; prestacións para mobiliario e electrodomésticos básicos).
- Prestacións complementarias á dependencia e/ou discapacidade (cobertura de gastos asociados ás axudas técnicas que precise unha persoa en situación de dependencia; próteses oculares ou auditivas).
- prestacións para outros gastos excepcionais (gastos farmacolóxicos ou de adaptación da vivenda habitual).
- prestacións de fomento do dereito á educación para estudos postobrigatorios (matrículas, materiais, desprazamentos, manutención ou outros destinados a educación infantil, estudantes de formación profesional -nos ciclos de grao medio e superior-, bacharelato ou universidade dentro do sistema educativo público)
- Prestacións para saúde bucodental

Podería beneficiarse destas prestacións toda persoa maior de idade ou emancipada en situación de vulnerabilidade social, risco ou exclusión social que estea empadroada no concello de Rianxo e que cumpra os requisitos específicos establecidos para cada tipo de prestación: empadroamento cunha antigüidade mínima, cun límite de ingresos fixados, compatible ou non coa percepción doutro tipo de prestacións, etc..

Por todas as razóns anteditas, o Pleno do Concello de Rianxo insta ao goberno municipal a adopción do seguintes **ACORDOS**:

1. Elaborar, e someter á posterior aprobación por este pleno, unha Ordenanza de prestación Municipal de Garantía Básica cidadá, na que se recolla o compromiso de prestación ás persoas en situación de vulnerabilidade e cos requisitos que en cada caso se establezan, de axudas económicas para atender á cobertura de determinados gastos ineludibles e urxentes.
2. Realización por parte dos servizos sociais Municipais dun estudo de viabilidade económica de cara ao establecemento futuro dunha Prestación Municipal de Garantía Básica cidadá.

Rematado o debate o pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR **a moción** coa seguinte emenda:

1. Elaborar, e someter á posterior aprobación por este pleno, unha Ordenanza de prestación Municipal de Garantía Básica cidadá, na que se recolla o compromiso de prestación ás persoas en situación de vulnerabilidade e cos requisitos que en cada caso se establezan, de axudas económicas para atender á cobertura de determinados gastos ineludibles e urxentes.
2. Realización unha xornada de debate de reflexión global con expertos sobre Prestación Municipal de Garantía Básica cidadá.

8 MOCIÓN: INSTAR Ó GOBERNO GALEGO PARA QUE IMPULSE UNHA MESA DE DIÁLOGO PARA O TRANSPORTE PÚBLICO

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 14 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Exposición de motivos

O limite temporal fixado pola Lei 10/2016 de Medidas Urxentes paia a Actualización do Transporte Público, que obriga á aprobación do Plan de Transporte dentro dos 22 meses seguintes á entrada en vigor da lei, colócanos nun momento crucial para que as galegas/os podamos contar cun plan de transporte público que dea respostas concretas e efectivas a problemática histórica do noso territorio.

Entendemos que é o momento de acometer coa máxima premura e participación os traballos necesarios para a elaboración do Plan de Transporte en base ós valores de rendibilidade social, sostibilidade e transparencia.

Necesitamos unha ordenación do transporte que articule o país e deste xeito garanta a mobilidade dos que o habitamos, de todos os que habitamos, por esta última razón a accesibilidade debe ser un elemento transversal do plan. Esta articulación debe vir dada por unha interconexión de calidade entre áreas metropolitanas, núcleos vilegos, zonas periurbanas e rurais, capaz de dar resposta as necesidades de mobilidade presentes e futuras.

Entendemos que o método de traballo debe ter como elemento central a participación e a colaboración activa dos distintos sectores, Xunta de Galicia, Deputacións, Mancomunidades, concellos, partidos políticos, axentes económicos, organizacións de usuarios, ANPAS, etc. So deste xeito poderá ser a ferramenta que todos precisamos.

Para acadar os grandes obxectivos que citamos o plan debería elaborarse en base a unha serie de Principios:

1. Garantir un transporte público de calidade capaz de ser alterativa ó vehículo privado pera persoas de distintas condicións económicas, idade, lugar de residencia e condición persoal.

2. Facer do transporte público un elemento impulsor da economía.
3. Facer do transporte público un elemento de mellora da calidade ambiental e impulsor da soberanía enerxética. Todo incremento de usuarios/as de transporte público leva a unha diminución do transporte privado, sendo este último un dos principais axentes de emisións de gases de efecto invernadoiro mediante o consumo de enerxías fósiles de importación.
4. A rede de transporte público debe contribuír ó equilibrio entre os territorios, garantindo o acceso ós servizos a toda a poboación, requirindo especial atención o fomento do transporte de proximidade

Conforme ós valores, obxectivos e principios enunciados, a Mancomunidade de Arousa Norte debería facer achegas o Plan do Transporte en orde a facer accesibles mediante transporte público os servizos educativos, sanitarios, de facenda xudiciais, económicos, culturais, etc da comarca, así como buscando unha comunicación áxil co tren e coa área metropolitana de Compostela. De non ser posible que a mancomunidade faga esta achega, o Concello de Rianxo debería facelas co sentido expresado e na dirección de resolver as necesidades dos veciños.

For todas as razóns anteditas, propoñémoslle ó Pleno da Corporación a adopción do seguintes ACORDOS:

1. O Concello de Rianxo insta ó Goberno Galego a impulsar unha mesa de diálogo para o transporte público que remate na elaboración dun Plan do Transporte.
2. Que este Plan do Transporte teña presentes as necesidades do rural e das pequenas vilas e contemple: o equilibrio territorial, a dinamización económica, o acceso os servizos, a mobilidade comarcal o acceso ás areas metropolitanas.
3. Que o Plan de Transporte contemple a situación que vivimos de cambio climático e se constitúa nun elemento mitigador do mesmo.
4. Que a Mancomunidade de Arousa Norte ou, de non ser posible o anterior, o Concello de Rianxo faga achegas o Plan de Transporte, facendo constar as necesidades detectadas e as propostas para atendelas

No debate o BNG indica que conste un punto a maiores que xa foi aprobado nun pleno municipal.

Rematado o debate o pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR a moción** nos termos desta, pero introducindo un punto 5º que sería reiterar a inclusión de Rianxo na rede de transporte metropolitana de Santiago de Compostela. Quedando aprobada cos seguintes puntos:

1. O Concello de Rianxo insta ó Goberno Galego a impulsar unha mesa de diálogo para o transporte público que remate na elaboración dun Plan do Transporte.
2. Que este Plan do Transporte teña presentes as necesidades do rural e das pequenas vilas e contemple: o equilibrio territorial, a dinamización económica, o acceso os servizos, a mobilidade comarcal o acceso ás areas metropolitanas.

3. Que o Plan de Transporte contemple a situación que vivimos de cambio climático e se constitúa nun elemento mitigador do mesmo.
4. Que a Mancomunidade de Arousa Norte ou, de non ser posible o anterior, o Concello de Rianxo faga achegas o Plan de Transporte, facendo constar as necesidades detectadas e as propostas para atendelas
5. Reiterar a inclusión de Rianxo na rede de transporte metropolitana de Santiago de Compostela.

9 MOCIÓN PARA O MANTEMENTO PENSÍONS DIGNAS PARA OS GALEGOS E GALEGAS

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 14 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As dúbidas que se están a xerar arredor da viabilidade do sistema público de pensións son interesadas para favorecer precisamente os plans privados e seguir no camiño de recorte das pensións públicas. No Bloque Nacionalista Galego, asistimos con preocupación as novas propostas que está a facer o Goberno español, como a ampliación do cómputo de cálculo a toda a vida laboral, que afondan na mesma liña. O traballo a realizar ten que ir xusto na dirección contraria, na de recuperar os dereitos eliminados nos últimos anos coa excusa da crise.

As reformas laborais promovidas, durante os anos 2010, 2011 e 2012, por gobernos do PSOE e PP, respectivamente, con diferentes niveis no seu contido e importancia, afondaron na liña neoliberal de individualización e desregulación das relacións laborais. Atrasouse a idade de xubilación aos 67 anos, ampliouse a 25 o número de anos para calcular a base reguladora, adiantouse a aplicación do factor de sostibilidade ao 1 de xaneiro de 2019, atrasouse a idade de acceso á xubilación anticipada, dificultouse o acceso ao subsidio de desemprego establecendo límites económicos de miseria para ter dereito ao mesmo e atrasouse a idade de acceso dos 52 aos 55. En definitiva, medidas todas orientadas a dificultar o acceso e reducir a contía das prestacións do sistema público de protección social, ao tempo que se fomenta a súa privatización.

Estas medidas son especialmente mesquiñas en Galiza. Primeiro porque temos as pensións máis baixas do Estado español, e unha maior porcentaxe de pensionistas en relación á súa poboación, as pensións son o único ingreso que entra en moitos fogares, son miles os que só teñen ingresos procedentes de prestacións das que as pensións son unha parte fundamental, e segundo porque se suma a outras medidas tamén tremendamente inxustas, como son o copago polos medicamentos, polas residencias, a suba do iva, da auga, da luz, dos carburantes... Hoxe temos un empobrecemento maior d@s pensionistas, case o 60% das pensións galegas están por baixo do salario mínimo, a media está máis de 15-20 puntos por baixo da do Estado, sendo especialmente preocupante a situación das mulleres xa que 1 de cada 4 mulleres maiores de 65 anos está por baixo do umbral da pobreza.

O debate sobre a sostibilidade do sistema de pensións públicas ven de lonxe. Desde hai

anos veñen prognosticando a súa creba e promovendo os sistemas privados xestionados polos bancos. A razón é moi sinxela, por un lado o interese de recortar a administración pública, por outro a de transferir ao sistema privado a xestión dun volume de capital formidábel derivado dos fondos de pensións públicos.

Desde o comezo da década dos 90, o debate internacional sobre a reforma dos sistemas de pensións estivo dominado polas teorías xurdidas na contorna do Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional e a OCDE, que defenden fortes recortes nos sistemas públicos de pensións, acompañados da capitalización individual a través do sector privado.

O argumento central é que o sistema de pensións é insostíbel. As razóns que presentan son que a esperanza de vida aumenta progresivamente ao mesmo tempo que hai menos cotizantes por causa da caída da poboación activa. A partir desta idea estenden a alarma social pregoando que a longo prazo non haberá diñeiro para pagar as pensións públicas.

O obxectivo é favorecer a privatización das pensións e permitir ao capital financeiro xestionar inxentes aforros a través dos fondos de pensións privados con destino aos mercados financeiros globais.

Estamos diante dunha decisión ideolóxica onde o poder toma a decisión de atacar os dereitos dos sectores máis desfavorecidos, os que están a padecer con máis dureza a crise para potenciar os plans de pensións privados e drenar aínda máis cartos dos impostos de tod@s para os bancos.

O sistema de pensións público é un dos obxectivos da axenda neoliberal desde hai décadas. Estamos a falar dun calculado e continuado proceso de desmantelamento do dereito do traballo a prol da parte máis forte nas relacións laborais, a prol do capital.

Por todo o anteriormente exposto, sométese a consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno español para que proceda a:

- Derrogación das reformas laborais, e en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de junio, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, o Real Decreto-lei 5/2013 de 15 de marzo de “medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego. Así como de todas a demais normativas que as desenvolven.
- Á aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restitúa os dereitos perdidos como consecuencia das sucesivas contrarreformas laborais que favoreza dereitos e regulacións novas que melloren as condicións de vida e de traballo e fortalezan á clase traballadora diante do capital, para favorecer a creación de emprego de calidade como mellor vía para garantir ingresos que permitan o pago

das pensións.

- Recoñecendo o dereito á xubilación ordinaria aos 65 anos.
- Estabelecer o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de quince anos da súa vida laboral a elixir pola traballadora ou traballador.
- Estabelecer o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de 15 anos da súa vida laboral.
- Estabelecer o importe da pensión mínima no equivalente ao 60% do salario medio.
- Estabelecer a actualización anual en base ao IPC.
- Eliminar as penalizacións e discriminacións no acceso á pensión das persoas empregadas a tempo parcial.
- Reclamar para Galiza a xestión da Seguridade Social, como xa contempla o Estatuto de autonomía.
- Demandar que as empresas, con centro de traballo en Galiza paguen os impostos e as cotización sociais aquí.

2. Instar á Xunta de Galiza a incrementar a contía do “Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas”, de xeito que cada persoa prestataria de pensión non contributiva perciba un incremento de 100 euros mensuais na mesma.

A moción APRÓBASE con 10 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 2 dos membros do grupo Rianxo en Común e 2 dos membros do grupo PSOE), dúas abstencións (dos 4 membros do grupo PP) e cero votos en contra, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

PROPOSTAS FORA DA ORDE DO DÍA

RATIFICAR POLO PLENO MUNICIPAL A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 278/2018 APROBACIÓN PROXECTO EMENDADO RESTAURACIÓN DE PAVIMENTO ALAMEDA DE RIANXO

Sométese a ratificación a urxencia da proposta resultando ratificada por unanimidade dos 14 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

POS 2018

APROBACIÓN PROXECTO EMENDADO RESTAURACIÓN DE PAVIMENTO ALAMEDA DE RIANXO

Expediente de orixe: 2017/C003/000026

En Sesión plenaria do 18 de decembro de 2018 adoptouse o acordo relativo ao Aprobación

do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.- Plan Único de Concellos- POS + 2018 , así como a aprobación do Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles dentro dos cales se incluía o que a continuación se indica:

Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
RESTAURACIÓN DE PAVIMENTO DE ALAMEDA DE RIANXO	1532	88.586,97

Unha vez remitida a documentación correspondente recibíuse requirimento de emenda formulado pola Deputación Provincial da Coruña, corrixiéndose no proxecto de emenda de data 04 de abril de 2018, e subido a plataforma Subtel da deputación.

Visto que os cambios introducidos no proxecto a pedimento da Deputación provincial da Coruña, refírense á mera emenda de defectos detectados na súa documentación tras a supervisión técnica efectuada polo Servizo de Apoio Técnico a Municipios da entidade provincial, e dado que os devanditos cambios non afectan á natureza das obras a realizar nin á súa valoración económica.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2ºa) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excm. Deputación Provincial a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Aínda así, e co gallo de someter esta nova proposta á Deputación Provincial, estímase procedente adiantar o devandito paso sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno municipal na vindeira sesión.

Polo exposto, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO

Aprobar o proxecto técnico en que se recollen os cambios non substanciais propostos pola supervisión técnica do Servizo de Apoio Técnico a Municipios da Deputación provincial da Coruña:

Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
RESTAURACIÓN DE PAVIMENTO DE ALAMEDA DE RIANXO	1532	88.586,97

SEGUNDO

Dar traslado ao Pleno da Corporación deste Concello na primeira sesión que se celebre a partir da data da presente resolución, para a súa ratificación.

TERCEIRO

Dar traslado da presente resolución e do acordo plenario que posteriormente se adopte á Deputación Provincial para a súa inclusión no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.- Plan Único de Concellos- POS + 2018

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR e RATIFICAR a proposta nos termos desta.

10 ROGOS E PREGUNTAS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2018/G010/000003 e identificado pola pegada dixital:

-1575994536

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=XXXXXXXXXX>

Rianxo, mércores 11 de abril de 2018

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez